

CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E O GOETHE-
INSTITUT MADRID

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, DECLARA:

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 2 de marzo de 2026 co Goethe-Institut Madrid o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista ata o 11 de maio de 2026, data de finalización de Escenas do Cambio 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer os termos e condicións que deberán rexer a colaboración das partes para contratar compañías alemás (Laura Aris & Jakob Jautz / resistdance / Martha Fincapé Charry) para participar en Escenas do Cambio 2026 nas datas preacordadas contractualmente coas compañías.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia foi constituída o 27 de decembro de 1999, como *"organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de xeito duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da Institución"*. Constitúe o obxecto da Fundación Cidade da Cultura de Galicia a *creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio para a interacción cultural*.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia organiza, desenvolve e apoia eventos culturais de interese na Cidade da Cultura de Galicia como foco de dinamización cultural tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no exterior.

Pola súa parte, Goethe-Institut Madrid é o instituto oficial da República Federal de Alemaña en Madrid, exerce como embaixador cultural, fomenta o intercambio, a educación, así como o ensino e o estudo do idioma alemán. O apoio ás compañías artísticas alemás convidadas a España constitúe unha das moitas actividades do Instituto.

Ambas institucións conveñen colaborar na realización de Escenas do Cambio que convida a compañías internacionais para ampliar as linguaxes escénicas presentes en Galicia, conectar a creación local con redes globais e consolidar o Gaiás como un espazo de referencia para a vangarda escénica internacional.



O ciclo "Escenas do Cambio 2026; Festival de Teatro, Danza e Arte en Acción", festival pioneiro a nivel nacional, que fomenta a promoción e formación entre os artistas, apoio a novos talentos e impulso a dimensión internacional das artes escénicas contemporáneas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

